Acta da sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do día 18 de setembro de 2024

(Mixta: 4 POC + 2 PNC)

[RRC/MCPP]

Na sala de comisións do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior,** o día **18 de setembro de 2024, ás 16:00 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Julio García Comesaña
(Presidente)
Roberto Rodríguez Martínez
(Vicepresidente)
Paloma Castro Rey
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nicole Grueira Fernández
(en substitución de Katherinie Varela Fernández)
Argimiro Marnotes Fernández
Paula Mouzo Mas
José Alberto Pazos Couñago
Paula Prado del Río
Pablo Javier Prieto Perille
María Felisa Rodríguez Carrera
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
María Cristina Fernández Davila
Óscar Insua Lema
Iago Suárez Fernández
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Taibo Corsanego
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:
Secretario xeral para o Deporte
Secretario xeral da Língua
Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

PARLAMENTO DE GALICIA

O presidente abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Previamente, o presidente -de conformidade co establecido no artigo 73.2 do Regulamento da Cámara- dá conta das seguintes alteracións:

-Solicitude de aprazamento por parte da Xunta de Galicia, doc. 11264, da iniciativa que figura no punto primeiro da orde do día como 1.3 (doc. 7842):

1.3 7842 (12/POC-001343)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma
Sobre o traballo que levou a cabo o Goberno galego para avanzar na normativa autonómica respecto da regulación dos conflitos de intereses, o seu procedemento e supervisión e a regulación dos "lobbies", así como sobre o cumprimento da Lei de protección do informante e loita contra a corrupción
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 67, do 14.08.2024

-Cambio de orde no debate das seguintes iniciativas que figuran no punto primeiro da orde do día: a que figura como 1.4 (doc. 10650), se tramitará en segundo lugar e a que figura como 1.2 (doc. 7083), se tramitará en terceiro lugar.

Non se manifestan obxeccións por parte dos demais membros da Comisión, polo que se consideran aceptadas por asentimento as precitadas alteracións (artigo 88 do Regulamento da Cámara).

Xa que logo, éntrase no desenvolvemento do punto primeiro da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 1. Preguntas

1.1 2124 (12/POC-000352)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre o traballo que está a facer e o que prevé impulsar o Goberno galego na loita contra a LGTBIfobia no mundo do deporte
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21f2, do 03.05.2024

O presidente concédelle a palabra á señora Castro Rey, quen, previo abandono do seu lugar da Mesa da Comisión (artigo 82 do Regulamento da Cámara), expón as razóns nas

que se basean as cuestións concretas que figuran na súa iniciativa sobre o traballo a desenvolver na loita contra a LGTBIfobia no deporte.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o secretario xeral para o Deporte (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), José Ramón Lete Lasa.

Na rolda de réplica a señora Castro Rey (S) agradece a información recibida, que comenta con novas consideracións ao respecto, ás que lle contesta nunha nova intervención o secretario xeral para o Deporte, e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa.

A seguir, pásase ao debate –en segundo lugar– da cuarta iniciativa:

1.4 10650 (12/POC-001817)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prieto Perille, Pablo Javier e 8 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da delegación galega nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024 e a repartición das últimas axudas concedidas pola Xunta de Galicia aos deportistas de alto nivel
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 80, do 10.09.2024

O presidente concédelle a palabra ao señor Prieto Perillo (P), quen expón as razóns nas que se basean as cuestións concretas que figuran na súa iniciativa sobre a valoración do Goberno galego da delegación galega nos xogos olímpicos e paralímpicos de Paría 2024 e axudas concedidas aos deportistas de alto nivel.

Para a súa resposta intervén, novamente, por parte da Xunta de Galicia o secretario xeral para o Deporte (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), José Ramón Lete Lasa.

Na rolda de réplica o señor Prieto Perillo (P), agradece a información recibida que comenta brevemente con novas consideracións ao respecto, ás que lle contesta nunha nova intervención o secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa

O presidente agradécelle ao señor Lete Lasa, a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e descúlpao de seguir na sesión, da que se ausenta.

A seguir, o presidente comunica que o representante do Goberno que vén para responder a seguinte iniciativa chegará con retraso á sesión, polo que -para evitar mais dilacións- propón continuar coa sesión dando paso ao debate da primeira iniciativa do punto segundo da orde do día, mentres non se incorpore; ninguén manifesta obxeccións ao respecto.

PARLAMENTO DE GALICIA

Xa que logo, éntrase no desenvolvemento do punto segundo da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 2222 (12/PNC-000286)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa regulación do traslado dos profesionais e das profesionais da avogacía e da procuradoría ao réxime especial de traballadores autónomos (RETA) da Seguridade Social
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 20f2, do 02.05.2024

O presidente, logo de comunicar que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de supresión polo G.P. do Socialistas de Galicia (doc. 11412), concédelle a palabra ao señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso coa reiteración das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se refire.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a señora Castro Rey (S), quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, motiva a emenda de supresión presentada polo seu grupo ao texto resolutivo da proposta co pronunciamento favorable, se é o caso, se acepte a emenda de supresión.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes intervén o señor Rodríguez Martínez (P), quen, previo abandono do seu lugar da Mesa da Comisión (artigo 82 do Regulamento da Cámara), expón as súas argumentacións co pronunciamento favorable do seu grupo á proposta formulada. (Nesta rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios o señor Ojea Bouzo (M) declinou a súa intervención).

Na rolda de puntualizacións o señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) comenta as argumentacións das anteriores intervencións e sinala que non acepta a emenda presentada polo do G.P. dos Socialistas de Galicia.

A continuación, ao incorporarse á sesión o representante do Goberno, retómase o punto primeiro da orde do día e pasase ao debate da segunda iniciativa que quedara pendente:

1.2 7083 (12/POC-000974)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e 3 máis
Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación coa habilitación de profesionais da tradución e interpretación xurada en lingua galega

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 07.08.2024

O presidente concédelle a palabra á señora Taibo Corsanego (BNG), quen expón as razóns nas que se basean as cuestións concretas que figuran na súa iniciativa sobre as previsións do Goberno galego en relación coa habilitación de tradutores e tradutoras xuradas.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o secretario xeral da Língua (Consellería de Cultura, Língua e Xuventude), Valentín García Gómez.

Na rolda de réplica a señora Taibo Corsanego (BNG) comenta a información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto, ás que lle contesta nunha nova intervención o secretario xeral da Língua (Consellería de Cultura, Língua e Xuventude), Valentín García Gómez, e con cuxa intervención se pecha o debate da iniciativa.

O presidente agradécelle ao señor García Gómez, a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e descúlpao de seguir na sesión, da que se ausenta.

A seguir, continúase co desenvolvemento do punto segundo da orde do día e pásase ao debate da segunda iniciativa:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.2 8888 (12/PNC-000902)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prieto Perille, Pablo Javier e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación coa modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, co fin de recoller entre as exencións do imposto as axudas que coa mesma finalidade sexan outorgadas polas administracións autonómicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 68, do 21.08.2024

O presidente, concédelle a palabra ao señor Prieto Perille (P), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei que insta o Goberno galego a demandar do Goberno do estado a modificación do artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades.

A seguir, o presidente comunica que a esta iniciativa de impulso se presentou unha emenda de modificación polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 11413) e concédelle

a palabra á señora Iglesias Rey (S) para a súa defensa, á vez que deixa constancia das súas argumentacións a respecto da proposta formulada.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes fai uso da palabra o señor Suárez Fernández (BNG), quen expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada co pronunciamento favorable do seu grupo sobre o texto resolutivo da precitada proposta (Nesta rolda de intervencións o señor Ojea Bouzo (M), declinou a súa intervención).

Na rolda de puntualizacións o señor Prieto Perille (P) expón diversas consideracións a respecto das argumentacións das anteriores intervencións e non acepta a emenda de modificación do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Ao esgotarse o debate das iniciativas o presidente dá paso ao trámite das votacións das proposicións non de lei, pola súa orde e cos resultados que se reflicten a seguir:

1)Iniciativa **doc. 2222 (12/PNC-000286), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións **pola unanimidade** dos 17 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a aprobación dentro do actual período de sesións de normativa que recolla:

— O dereito de opción das mutualistas, activas, pasivas ou actualmente integradas no RETA, da avogacía e da procuradoría para que as súas achegas ás mutualidades profesionais, realizadas como alternativas ao sistema público, e a totalidade dos seus dereitos económicos nestas entidades, poidan ser transferidas á Seguridade Social, computándose, para o eventual recoñecemento de prestacións do sistema público, a totalidade das cantidades que deben ser obxecto de transferencia a este, e considerándose como períodos cotizados os períodos de alta efectiva nas mutualidades, como sistema alternativo ao público.

— A reforma do tratamento fiscal das cotizacións realizadas ás mutualidades profesionais, como alternativos ao sistema público, evitando a equiparación cun plan de pensións complementario.

— A mellora das condicións da xubilación parcial dos profesionais da avogacía e procuradoría.»

2)Iniciativa **doc. 8888 (12/PNC-000902), do G.P. Popular de Galicia**; sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións por:

. votos a favor..... 15 (GGPP:P+BNG+M)

PARLAMENTO DE GALICIA

. votos en contra 0
. abstencións ..... 2 (GP.S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que modifique a letra m) do artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, co fin de recoller entre as exencións do imposto as axudas que, coa mesma finalidade, sexan outorgadas polas Administracións autonómicas.»

Sen máis asuntos que tratar o presidente levanta a sesión.

Remata a sesión ás 18:11 horas.

Julio García Comesaña
Firmado digitalmente por Julio García Comesaña
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Julio García Comesaña, email=julio.garcia.comesana@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.11 09:36:39 +02'00'

Julio García Comesaña
Presidente da Comisión

Paloma Castro Rey
Firmado digitalmente por Paloma Castro Rey
Fecha: 2024.10.10 14:14:46 +02'00'

Paloma Castro Rey
Secretaria da Comisión